

## VALORES NA OBRA INFANTIL DE AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

## VALORES EN LA OBRA INFANTIL DE AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

## VALUES IN THE CHILDREN'S WORK OF AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

DATA DE  
RECEPCIÓN:  
05/06/2017

DATA DE  
ACEPTACIÓN:  
19/07/2017



*María Eulalia Agrelo Costas*

Universidade de Santiago de Compostela

[mariaeulalia.agrelo@usc.es](mailto:mariaeulalia.agrelo@usc.es)

**Resumo:** Alúdese á importancia dos valores na formación dos máis novos e expóñense as bases teóricas das que se parte neste traballo, entre as que sobresaen as achegas de Shalom Schwartz, ademais de referirse á idoneidade da literatura para a transmisión de valores. Sinálase que Agustín Fernández Paz sempre apreciou as potencialidades da literatura neste sentido e anúnciase que se vai abordar como este docente de profesión introduciu e enfocou os valores nas súas obras infantís máis representativas. A selección de obras proposta responde á calidade literaria e é analizada ao redor de dous valores moi latentes na súa produción: a protección do medio ambiente e a xustiza social. Detense en como estes valores son tratados ao fío das historias e en como se plasman a partir de unidades perceptivas presentes no texto e de unidades semánticas abstraíbles a partir dos feitos narrados e a intervención dos personaxes. Finalízase cunha serie de conclusións que sintetizan as ideas principais desta aproximación á narrativa infantil de Fernández Paz desde a perspectiva dos valores.

**Palabras chave:** Agustín Fernández Paz, narrativa infantil, valores, ecoloxía, xustiza social.

**Resumen:** Se alude a la importancia de los valores en la formación de los más pequeños y se exponen las bases teóricas de las que se parte en este trabajo, entre las que destacan las aportaciones de Shalom Schwartz, además de referirse a la idoneidad de la literatura como transmisora de valores. Se señala que Agustín Fernández Paz siempre apreció las potencialidades de la literatura en este sentido y se anuncia que se va a abordar como este docente de profesión introdujo y enfocó los valores en sus obras infantiles más representativas. La selección de obras propuesta responde a la calidad literaria y es analizada alrededor de dos de los valores más latentes en su producción: la protección del medio ambiente y la justicia social. Se detiene en cómo estos valores son tratados al hilo de sus historias y en cómo se plasman a partir de unidades perceptivas presentes en el texto y de unidades semánticas abstraídas a partir de los hechos narrados y la intervención de los personajes. Se finaliza con una serie de conclusiones que sintetizan las ideas principales de esta aproximación a las narraciones infantiles de Fernández Paz desde la perspectiva de los valores.

**Palabras clave:** Agustín Fernández Paz, narrativa infantil, valores, ecología, justicia social.

**Abstract:** This paper is about the importance of an education focused on the transmission of values to children, alongside with the theoretical framework employed, among which we can point out Shalom Schwartz's and the reference to literature as an ideal source for this purpose. Agustín Fernández Paz is said to have always been aware of this potential of literature and it is announced that one of the points treated will be how the aforementioned teacher introduced and used values on his most relevant children's works. The group of suggested works was made attending to their quality and they are analyzed following the presence of two main values in Paz's works: the protection of environment and social justice. We treat in detail how these values are dealt with in the plot and how they are captured in the text through semantic units taken from it and from the plot itself and the intervention of characters. We finish with a series of conclusions that summarize the main ideas of this approach to Fernández Paz's narrative from the point of view of the values.

**Keywords:** Agustín Fernández Paz, children's narrative, values, ecology, social justice.

## Introdución: referentes teóricos, textos de análise e obxectivos propostos

Os valores supoñen unha peza clave da formación da infancia e da mocidade como se revela no tratamento que se lles dispensa na documentación reguladora do sistema educativo, na existencia de numerosas referencias bibliográficas ao respecto e na atención que se lles presta nos catálogos e nas guías de lectura. A súa definición segue a entrañar unha gran complexidade, debido a que os valores mudan en función das coordenadas espazo-temporais que nos situemos. Cada sociedade, en estreita comunión coa súa cultura e contexto político, establece a súa escala de valores para orientar e xulgar as accións do seus membros, que, á súa vez, experimenta unha serie de modificacións impulsadas polo transcorrer do tempo e as mudanzas que se suceden. Non obstante, no ámbito da Literatura Infantil e Xuvenil son varios os estudosos que aceptan a definición proposta por Santiago Yubero, Elisa Larrañaga e Pedro Cerrillo que, na introdución do monográfico *Valores y lectura*, explican que os valores han de entenderse “como creencias básicas a través de las cuales interpretamos el mundo y damos significado a los acontecimientos e, incluso, a nuestra propia existencia” (Yubero, Larrañaga e Cerrillo, 2004: 10). Os valores recollen, polo tanto, o noso xeito de entender a realidade e de actuar ante ela, aínda que, cando son asumidos dun modo xeralizado, pasan do ámbito subxectivo ao colectivo e convértense en valores sociais, a partir dos cales organizar e garantir a estabilidade nun determinado contexto cultural.

Os enfoques desde os que se clasificaron os valores son tamén múltiples, aínda que o acometido principal deste traballo centrado na análise dos valores latentes na produción infantil de Agustín Fernández Paz (Vilalba-Lugo, 1947-Vigo, 2016) aproxímanos a unha perspectiva psicosocial. Neste sentido parécenos rendible a xerarquía de valores establecida por Shalom Schwartz (1992, 2001), quen os considera crenzas transituacionais e acolle aqueles que pautan o comportamento dos individuos, así como aborda os de carácter transcultural. A súa categorización recoñece dez tipos motivacionais (poder, logro, hedonismo, estimulación, auto-dirección, universalismo, benevolencia, tradición, conformidade e seguridade), aos que se asocian unha restrita de valores<sup>1</sup> que, atendendo ao seu carácter, provocan relacións de conflito ou de



<sup>1</sup> Ao tipo motivacional do poder vincúlanse valores como a autoridade, a riqueza, a conservación da imaxe pública e o recoñecemento social; ao do logro, o éxito, a ambición, a influencia, a competitividade e a intelixencia; ao do hedonismo, o pracer, o goce da vida, o consumismo e o egoísmo; ao da estimulación, o atrevemento, a valentía, a audacia e a vida excitante; ao do universalismo, a protección da natureza, a mentalidade aberta, a xustiza social, a sabedoría, a igualdade, a paz do mundo e interior, a comprensión, a igualdade e a solidariedade; ao da benevolencia, a amabilidade, a honestidade, o perdón, a lealdade, a responsabilidade e a amizade; ao da tradición, a aceptación, a humildade, a fraternidade, a fidelidade e o respecto pola tradición; ao da conformidade, a obediencia, a honradez, a cortesía e a disciplina; e ao da seguridade, a orde social, o sentimento de pertenza, a reciprocidade de favores, a sinceridade e a prudencia.

compatibilidade entre as dez categorías. Así mesmo, estas forzas de atracción e de repulsa permitíronlle a Schwartz dividir estas tipoloxías en catro grandes áreas xerais: a auto-transcendencia<sup>2</sup>, a conservación<sup>3</sup>, a auto-realización<sup>4</sup> e a apertura ao cambio<sup>5</sup>.

A necesidade de socializar que teñen os individuos para garantir a súa supervivencia e preservar a harmonía do grupo xustifica a posta en práctica dunha serie de estratexias para a educación en valores, entre as que destacamos a lectura e a análise de textos, debido a que son unha fonte de aproximación á información, ao entretemento e á estética, ao mesmo tempo que son unha fonte xeradora de valores (Ramírez, 2000: 152). Na opinión de Juan Senís (2006: 80), a Literatura Infantil e Xuvenil cumpre á perfección “estas condicións –atractivo, riqueza en temas y potencialidad en debates y actividades posteriores a la lectura, familiaridad con el lector, literariedad–”, porque como xa anunciaba Marisa Bortolussi (1985: 88):

La obra literaria infantil manifestará, si no explícitamente, por lo menos implícitamente, las prohibiciones, las prescripciones, en fin, el conjunto de símbolos que definen una sociedad o cultura determinada. El aprendizaje de los valores opera mediante la asociación repetida entre signo (palabra, concepto abstracto, objeto), y su significado.

Este mesmo parecer é recollido no artigo “Os valores na literatura infantil e xuvenil” por Agustín Fernández Paz (1997: 427-436), que se fundamenta nun traballo de Rafael Grasa (1988), para quen na infancia e na adolescencia a descuberta dos valores se produce a miúdo mediante experiencias significativas encarnadas en persoas, ademais de destacar que para a súa aprendizaxe a técnica educativa básica é a de analizar e discutir dilemas morais recollidos nas historias. Desde estes parámetros, Fernández Paz insiste en que a literatura, especialmente a dirixida ás primeiras idades, abre unha vía privilexiada para poñernos en contacto con outras vidas, conflitos e situacións cos que identificarnos e mesmo sentir como propios, alén de proporcionar unha selección de obras de calidade que ofrecen a posibilidade de abordar a súa historia desde a perspectiva da aprendizaxe de valores.

Plenamente convencido da función socializante da Literatura Infantil e Xuvenil, Fernández Paz afrontou a escrita dun abano de obras asentadas na calidade literaria e no atractivo das súas ficcións, amais de plasmar nelas a súa ollada persoal do mundo e as particularidades do seu contexto vital, sen deixar de introducir valores que estimaba esenciais, tal e como se enuncia na

<sup>2</sup> Que inclúe o universalismo e a benevolencia.

<sup>3</sup> Que acolle a tradición, a conformidade e a seguridade.

<sup>4</sup> Que abrangue o poder, o logro e o hedonismo.

<sup>5</sup> Que atinxe a estimulación, a auto-dirección e tamén o hedonismo.



acta que certificaba a concesión do VII Premio Iberoamericano de Literatura Infantil e Xuvenil no ano 2011:

Una vez debatido ampliamente se decidiu otorgar el Premio por mayoría a Agustín Fernández Paz por su extensa obra narrativa que aborda una gran diversidad de géneros y temas. El autor construye personajes entrañables explorando aquello que los hace irrepetibles y ambientes donde se destaca la presencia del misterio en la vida cotidiana. En su obra se enlaza el uso de las convenciones de género con la innovación literaria para niños y jóvenes. Se distingue su compromiso con los valores humanos universales y su papel determinante en la construcción de una literatura infantil y juvenil en lengua gallega.

Ese compromiso cos valores humanos universais é notorio nas súas narracións destinadas a un lectorado infantil para o que, segundo ten sinalado o mesmo Fernández Paz (Primeras lecturas, 2005: 83), é moito máis difícil escribir se se quere facer ben. Nas seguintes páxinas trataremos os valores observables nestas narracións guiados polo modelo proposto por Schwartz e fixarémonos nas súas unidades de significación, atendendo ás de carácter perceptivo (a palabra e a oración) e semántico (o tema, os personaxes e os sucesos).

Deterémonos, en concreto, nas obras infantís de Fernández Paz máis relevantes pola súa excelencia, por seren premiadas ou por recibiren unha atención máis notoria da crítica e do lectorado, así como por situaren determinados valores como eixes centrais do seu argumento. Textos literarios que poden ser considerados obras de calidade por cumpriren, tal e como sinala Teresa Colomer (1998: 137), un duplo obxectivo: o educativo e o literario. Referirémonos aos valores que aparecen de xeito explícito na microestrutura e a aqueloutros implícitos que se han de extraer tanto da microestruta coma da macroestura mediante a observación da intervención dos personaxes e o desenvolvemento dos feitos. Con esta aproximación aos valores expostos na produción literaria infantil de Fernández Paz queremos tamén facilitarlle ao mediador unha selección de obras que favoreza “un conocimiento a la vez crítico, relacional y, por qué no, placentero” (Mula, 2007: 155) da sociedade actual, da que o vilalbés foi un perspicaz observador e denunciou as inxustizas e agresións que percibía a través das súas historias. De aí que fora cualificado de “escritor ideolóxico”:

Todas as obras de creación teñen unha forte carga ideolóxica, as miñas e as doutros escritores, porque reflicten unha visión do mundo e da sociedade. A min aplícaseme ese cualificativo porque, en bastantes dos meus libros, abordo cuestións sociais dende unha perspectiva transformadora (Roig e Soto, 2008: 176).

Este encadre tan actual fai que as obras de Fernández Paz adquiran un maior carácter



transgresor e sexan consideradas anovadoras dentro do panorama literario que, segundo Xabier Etxaniz (2011: 75-76), adoita abranguer uns valores moito máis tradicionalistas que os que a sociedade ten nun momento concreto. Entre os novos modelos de valores, cita Simone Sousa (2008) o espírito solidario, o cuestionamento da autoridade, as transformacións do sistema social na procura da igualdade, a liberdade e a xustiza social, a tolerancia, o respecto ao diferente, a denuncia de contidos sexistas, os valores ecolóxicos e pacifistas, a convivencia, a multiculturalidade e os valores para a cidadanía. Sobre dous deles pivota en gran medida a escrita infantil do vilalbés –a protección do medio ambiente e a xustiza social–, polo que estes serán os dous focos principais da nosa análise, aínda que cómpre sinalar que nestas e noutras das súas narracións se cruzan outros valores conducentes a unha socialización harmoniosa.

### A protección do medio ambiente

Na área da auto-transcendencia, o valor central do universalismo defínese pola comprensión, respecto, tolerancia, aprecio e preocupación polo benestar das persoas e da natureza, trazos que tamén comparte o valor da benevolencia, que se caracteriza pola preservación e mellora do benestar das persoas próximas. Este binomio de valores é fundamental na escrita infantil de Fernández Paz e asóciase a outros valores concomitantes nas súas ficcións.

Dentro do universalismo sobresa a súa proclama constante a favor da protección do medio ambiente, que se percibe desde a súa primeira entrega narrativa e que xa anunciara nalgún dos textos publicados nos manuais escolares da serie “O noso galego”. *A cidade dos desexos* (1989) parte dun dos recursos máis identificativos da escrita de Fernández Paz, que se asenta na entrada da fantasía nun contexto real para poder ensanchar os seus límites e expresarse dun modo máis verdadeiro (Roig Rechou e Soto, 2008: 166-167). Esta técnica liberadora e transformadora, que bebe de Gianni Rodari, vinculouna con outros elementos dos contos populares, aos que lles deu un uso ideolóxico (Roig e Ferreira, 2010), para referirse á degradación do medio natural.

Un narrador en terceira persoa sitúa no escenario dunha cidade moi deteriorada unha moderna fada e un grupo de rapaces, só preocupados por cuestións banais. A intervención de Ana fainos reflexionar sobre as verdadeiras necesidades, o que determina que lle soliciten a recuperación das árbores tronzadas pola especulación urbanística, pois “a cidade está fea [...]”. De seguro que con moitas árbores había ser unha cidade ben bonita” (Fernández Paz, 1989: 35). A

este desexo engádenlle a petición de que regrese o rechouchío dos paxaros expulsados e de que as palabras dos habitantes malhumorados deixen de ser grises e negras. As conversas con Ana e a súa intervención activa na rexeneración da cidade favorecen a adquisición por parte dos integrantes da panda de valores asociados coa benevolencia, como son a servicialidade e a responsabilidade, para acadar outro valor universal como é a harmonía coa natureza, ao que se chega no remate da historia e se sintetiza no seguinte treito: “Porque resulta difícil estar triste cando dende o balcón podes toca-las pólas dunha cerdeira ou cando polas mañás espertas e tes unha bubela a te mirar dende o peitoril da fiestra” (Fernández Paz, 1989: 47).

Eses mesmos valores vinculados coa auto-transcendencia reaparecen na obra gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil, *As flores radioactivas* (1990), na que seguiu reflexionando sobre a convivencia do home e da natureza, aínda que agora desde o polémico asunto dos vertidos tóxicos na Fosa Atlántica e desde o activismo dos colectivos que alertaron sobre os ataques indiscriminados á natureza tras a catástrofe nuclear de Chernobil. A partir do recurso ao binomio fantástico de Rodari, Fernández Paz uniu as palabras “flor” e “mar” nun relato de aventuras, que se sostén na alternancia das anotacións confesionais da intrépida protagonista e as intervencións dun narrador omnisciente.



11414

A través das súas respectivas voces, contrapóñense dúas perspectivas ideolóxicas antitéticas —a dos militares e a dos ecoloxistas— ao redor das misteriosas flores que aboiaban nas augas da costa galega. Esta oposición suscita a reflexión sobre o *modus operandi* de certas institucións políticas e militares, así como a crítica contra os valores do poder e do logro que as definen e se integran na categoría da auto-realización. Nesta liña Marc Candela (2005: 30) expón que

Aquest llibre és, doncs, un bon instrument per a despertar l'esperit crític i aventurer dels nostres infants, no solament davant les agressions constants dels humans sobre el medi ambient, sinó també sobre els foscos interessos dels governs i dels poders fàctics mundials per mantenir l'*statu quo* actual i fugir de les oportunitats de transformar el món den un lloc més habitable.

Unha crítica que se fai a partir do humor e que, xunto á imaxinación, son as armas das que se serviu Fernández Paz para encarar moitos dos conflitos presentes nas súas historias, xa que, como el mesmo sinalou, “A literatura infantil, se quere chegar realmente ós rapaces, debe empregar aquel humor que se atope entre o amable e o acedo corrosivo” (Fernández Paz, 1990: III). Así, tras sufrir os efectos das misteriosas flores, os militares

## Valores na obra infantil de Agustín Fernández Paz

empezaron a desobedece-las ordes que lles daban, negáronse a utiliza-lo seu armamento e os seus uniformes e acabaron protagonizando, no comedor do barco, un mitin con claros contidos antimilitares, expresando ideas que mesmo parecían sacadas dun manual pacifista e invitando ós seus compañeiros a que desertasen en masa ó chegaren a terra (Fernández Paz, 1990: 38-39).

Fronte a eles, sitúanse os ecoloxistas que navegan no Firrete e que senten unha profunda preocupación polo benestar da natureza e das persoas, de aí que se arrisquen a resolver o enigma que ocultan as augas do océano. Entre eles sobresa Alba, que foi deseñada ao modo dun novo Jim Hawkins feminino e que se opón á imaxe do heroe masculino das novelas de aventuras, porque Fernández Paz estaba ben farto das historias “nas que as rapazas andan ó rabo dos heroes, só en papeis secundarios” (Fernández Paz, 1990: 117). Unha inversión de roles na que se insiste explicitamente a través das palabras dunha das protagonistas secundarias, quen cuestiona o parecer dos seus compañeiros coa seguinte interrogante: “¿A ver se vai pasar que agora vós tamén sodes dos que pensades que a aventura só e cousa de homes?” (Fernández Paz, 1990: 60). Esta súa teima de facer unha literatura, en palabras de Adela Turín “a favor das nenas”, xustifica que noutras das súas narracións incida na igualdade de xénero mediante a conversión das mulleres en personaxes proactivos e distantes dos esquemas impostos por unha sociedade deseñada desde a masculinidade.

Co proceder afouto e autónomo de Alba pónense en evidencia aqueles valores relacionados coa conservación como son a tradición e a conformidade, mentres que se potencian aqueles que proceden da área da apertura ao cambio, caso da estimulación (o atrevemento e a vida excitante) e da auto-dirección (a curiosidade, a creatividade e a liberdade). Sen dúbida, a caracterización psicolóxica, condutual e relacional de Alba facilita a inferencia dos valores sociais promovidos polo escritor a través dela, debido aos procesos de empatía ou identificación que se dan entre o lector e os personaxes e as súas vicisitudes no mundo ficcional (Bermúdez, 2009: 13).

O lixo nuclear transfórmase en flores pacifistas que acaban por facer xerminar unha nova época de paz mundial, coa que o argumento fantástico central se ve desbordado por unha fantasía aínda máis ampla (Paz, 1990: III), que proxecta unha visión esperanzada que sitúa o autor no *wishful thinking*, é dicir, no pensamento volitivo que abstrae o que desexaría que sucedese: cae o Muro de Berlín, esfárelase o Pacto de Varsovia, debíltanse os gobernos dos países integrantes da OTAN, desaparecen os exércitos... Unha situación utópica que se asemella á literatura de anticipación coa que Jules Verne proxectara como sería o futuro baixo as coordenadas do progreso científico, porque Agustín constrúe a fermosa alegoría de proxectarse tamén cara a adiante e imaxina un futuro rexido por unhas flores que espertan sentimentos pacifistas imposibles



de deter (Álvarez Núñez, 1990).

Para que prospere ese mundo ideal, a obra, como artefacto ideolóxico, potencia os significados que emite e que son susceptibles de seren exemplares coa inclusión duns anexos con documentación científica para informar e sensibilizar aínda máis sobre o estado da Fosa Atlántica, a enerxía nuclear, os residuos radioactivos e o papel exercido ao respecto por Adegas e Greenpeace. Todas estas alusións son tan relevantes para os fins educativos coma o mesmo discurso literario tal e como ten explicado Juan Senís (2006: 87) nun estudo sobre manuais escolares:

los paratextos condicionan la lectura del texto y orientan la recepción hacia determinados territorios, que pueden estar formados por contenidos puramente lingüísticos, literarios o relacionados simplemente con la comprensión del texto, pero también con su interpretación y con la puesta en relieve de los valores del texto.

O seu compromiso coa causa ecolóxica e a denuncia de certos comportamentos sociais reaparecen en *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998), coa que Fernández Paz pagaba as débedas contraídas cos artistas do cómic, que lle deixaron unha profunda pegada na súa escrita e que lle ensinaron que o humor é un mecanismo privilexiado para arrostrar a realidade. Neste sentido seguía o ronsel trazado por Afonso D. Rodríguez Castelao, quen, mediante o riso, lle mostrara á sociedade galega os seus defectos para provocar a súa rexeneración (Tarrío, 1994: 216).



A fiel axudante do doutor Nogueira recolle as vivencias e experimentos máis sobresaíntes deste estrambótico e millonario científico, co propósito de deixar constancia das súas descubertas na procura de rematar coa infelicidade dunha sociedade acomplexada, paranoica, empobrecida culturalmente e non respectuosa co medio. O doutor sèrvese da súa sabedoría e fortuna para crear un crece-pelo para os calvos, unha apócema para potenciar a capacidade lingüística e un medicamento para exterminar o racismo, pero a súa experimentación está repleta de xocosos desatinos e os resultados son desastrosos. Os calvos convértense en lobishomes; aqueles que só falaban con “Mola, guai, vale, capullo, chupi, tío, mal rolo, colega” (Fernández Paz, 1998: 55), agora teñen incontinencia verbal; e o racismo non se resolve coa perda de cor, pois “se había persoas de cor que desexaban o cambio non era por gusto, senón pola desesperación ante unha sociedade que as marxina e desprezaba” (Fernández Paz, 1998: 94). Todo remata mal porque, segundo apunta Francisco Martínez Bouzas (2000: 9), o doutor actúa como un “simpático fascista”, xa que as súas tarefas altruístas réxense pola mesma regra básica que aplicaba Adolf Hitler ou o darwinismo social: eliminar as causas para atallar os efectos.



Con esta parodia dos clásicos superheroes representada por un doutor que acaba por ser un auténtico antiheroe, Fernández Paz reprobamos o proceder duns homes e mulleres guiados polos valores da auto-realización, que os condena a acometer verdadeiras loucuras por conservar a súa imaxe e alcanzar o éxito, mentres non inclúe no seu código os valores do universalismo e da benevolencia que abundan no ben colectivo. Trátase dun ideario presente noutras das súas achegas narrativas, pero que, nesta ocasión, debe ser captado por un lector máis atento pola ironía que enchoupa todo o texto.

Nos relatos *As fadas verdes* (1999) e *A praia da esperanza* (2004) abandonou este ton paródico e retomou a fórmula asentada na simbiose realismo-fantasia para seguir denunciando os ataques ecolóxicos perpetrados polos lumes nos montes galegos e polos residuos de petróleo vertidos no mar, que tamén están a aniquilar os seres máxicos que neles habitan. Despois de o lume arrasar a fraga do Castro, Diana reanima unha fada desfalecida, que lle descobre a existencia dun mundo máxico poboado por unhas fadas protectoras do ciclo vital dos bosques. A relación entre Diana e Goewín é unha fermosa exemplificación do valor da verdadeira amizade, así como serve para denunciar a substitución das especies autóctonas por outras máis rendibles economicamente e a perda da imaxinación dunha sociedade cada vez máis desapegada das crenzas tradicionais. Malia o retrato que se proxecta dunha sociedade obsesionada polo poder e dunhas institucións que abandonan o medio rural, Fernández Paz fai triunfar a harmonía entre as persoas e a natureza: “Semellaba como se a fraga se preparase para ocupar outra vez o territorio que sempre lle pertencera. Un sorriso de felicidade debuxouse no rostro de Diana. Coma o bosque, tamén ela se sentía chea de ganas de medrar e de vivir” (Fernández Paz, 1999: 78).

*A praia da esperanza* é unha crónica do afundimento do Prestige no ano 2003 e ilustra o valor da amizade mediante a relación entre Raquel e Sunia, unha pequena serea que busca gorecerse da intemperie do inverno entre os humanos e cada noite agasalla a nena cun relato. Todo se esnaquiza cando o negro espanto devora o mar. A pesar das falsidades difundidas por uns medios de comunicación cómplices de gobernantes alentados por valores deostados por Fernández Paz como son a autoridade, o poder e a riqueza, a realidade estarrecedora acaba por imporse: “Toda a beiramar está inundada de chapapote, o mar trae ondas e ondas cargadas de alcatrán. Xa non se ve a area da praia, hai ducias de aves agonizando entre o petróleo” (Fernández Paz, 2003a: 47).

A loita contra “aquele dragón de infinitas bocas negras” (Fernández Paz, 2003a: 52) arrasa tamén coa vida de Sunia, aínda que tanta tristura e desolación volve ser vencida pola colaboración

nas tarefas de limpeza e a esperanza depositada en persoas coma Raquel, que son defensoras de valores conducentes á protección do medio. Raquel espera que o mar se recupere e poida coñecer as amigas da serea falecida para escoitar “de novo as historias maravillosas que só coñecen as Sereas Minúsculas” (Fernández Paz, 2003a: 83). Para afianzar a transmisión dos valores relacionados coa defensa do medio, Fernández Paz converteu os epitextos en peritextos e incluíu sete anexos sobre a catástrofe do Prestige que aluden ao afundimento, aos danos ocasionados e á mobilización social, ademais de recoller a longa historia de mareas negras devoradoras das costas galegas.

Os referentes míticos reaparecen no pequeno relato denunciante da especulación urbanística titulado *Os gardiáns do bosque* (2006) e publicado na colección “Carteira de Valores” de Baía Edicións. Outrosí mantéñense nunha historia situada no Vigo mariñeiro dos anos vinte do século pasado, *A dama da luz* (2009), que o docente vilalbés elaborou a partir da proposta ilustrativa de Jorge Magutis. O relato marco enunciado desde o tempo presente por unha voz narrativa en terceira persoa dálle paso a un novo relato articulado por un entrañable avó que lle desvela á neta un segredo gardado desde a infancia. A chuvia e o frío aseñorábanse da cidade e a xente esmorecía ante o sempiterno inverno, polo que decide facerlle fronte ao habitante da Casa do Outeiro. Nunha inmensa sala o Home das Sombras retén agonizantes criaturas fantásticas, entre as que está a Dama da Luz. Cómpre repor a orde establecida e esta muller que personaliza a Primavera é trasladada á illa de San Brandán, onde se funde nunha intensa aperta co Inverno, a partir da cal o sol volve brillar no alto do ceo e o aire cálido aloumiña o corpo.

Mediante esta melancólica historia exposta nun texto de exquisita narrativa, o cotián e o fantástico reencóntranse para facerlle chegar ao lector unha mensaxe a favor do respecto dos ciclos da natureza desde un texto e unhas ilustracións de gran forza evocadora. Unha natureza que convida á esperanza, pois ante os ollos da narrataria, á que se lle atribúe o papel de futura guía da Dama da Luz, agroma unha flor solitaria por unha fenda aberta no cemento. Ao modo dos contos clásicos, grandes facilitadores da asimilación da dimensión formativa, este álbum de *A dama da luz* insiste no valor da protección do medio ambiente como garante do equilibrio entre o home e a natureza.



Outro dos valores máis salientables na escrita infantil de Fernández Paz é a xustiza social que, máis alá de ser definida por F. Javier Murillo e Reyes Hernández (2011: 20) como un proxecto dinámico, nunca completo, acabado ou alcanzado “una vez y para todos”, pode relacionarse con diferentes reivindicacións. No mundo actual Nancy Fraser (2008: 83) sinala dous tipos: o primeiro, que é o máis coñecido, está integrado polas reivindicacións redistributivas, que pretenden unha distribución máis xusta dos recursos e da riqueza; un segundo, cada vez máis palpable, plásmase na política de recoñecemento, cuxo obxectivo se centra en acadar un mundo que acepte a diferenza, no que a integración na maioría ou a asimilación das normas culturais dominantes non sexa o prezo dun respecto igual.

Nesta segunda liña céntrase un feixe de obras do escritor vilalbés, nas que promoveu a equidade das persoas, malia pertenceren a grupos sociais e a etnias diferentes, co propósito de seguir dándolles azos aos valores asociados co universalismo, nomeadamente, a xustiza social e a igualdade. Fernández Paz dispúxose a aguilloar consciencias por medio do relato da memoria dun presente sobre o que deitou unha ollada perspicaz e, en certo modo, un tanto mesiánica, debido a que captou con anticipación problemáticas futuras, como as que derivarían da brutal crise económica dos primeiros anos do século XXI.

*Un tren cargado de misterios* (2001), que supón unha reescritura ampliada do relato *Ana e o tren máximo* (2001), retrata as diferenzas existentes na realidade mediante o paso de Ana polos vagóns dun tren moi especial. Un narrador omnisciente en terceira persoa conta esa viaxe-soño de Ana repleto de intriga, fantasía e xogo de palabras por un mundo diverso, no que nos vagóns se atopa con xente de diferente escala social ou proveniente de puntos xeográficos distantes como reflicten as súas roupas e os seus trazos físicos, ademais das paisaxes que se poden contemplar desde as xanelas. Nesta viaxe transcultural e onírica non se observa ningunha intención condenatoria explícita, senón que se trata de advertir o lector da existencia dun mundo integrado pola diversidade e a desigualdade.

En obras posteriores criticou o desprezo experimentado polos marxinados socialmente, como acontece en *O meu nome é Skywalker* (2003), Premio O Barco de Vapor, na que a nena protagonista é a máxima expoñente de valores fundamentais como son o universalismo e a benevolencia. Desde a psicoloxía infantil de Raquel, Fernández Paz artellou unha metáfora da traumática experiencia dos que padecen os desfavorecidos nunha sociedade deshumanizada. A súa orixe está nunha escena presenciada ás portas dun supermercado da súa cidade de residencia (Vigo), no que un home pedía esmola ante a impasibilidade dos viandantes. A partir de aí, un

narrador omnisciente recrea a fermosa amizade entre Raquel e un home de estraña aparencia, que permite achegarse ao abandono ao que están condenados os sen teito. Un argumento que se asenta nun punto único e que prescinde de tramas secundarias, porque a forza da narración céntrase no difícil equilibrio entre a fascinante aventura, que a nena imaxina, e a crúa realidade, que se lle desvela ao lector aos poucos. Todo un acerto para aproximarse a un tema tan duro como é o da marxinação e que fai de *O meu nome é Skywalker* un relato redondo e convincente, porque desde esta formulación

Consigue así tres cosas: intrigar al lector con un denselace no previsible; evitar el dramatismo fácil –la niña recordará siempre a su amigo de otro planeta–, y algo más importante: dar una inusual visión respetuosa y compasiva de los marginales, esas personas molestas para la sociedad, a quienes se suele prejuzgar y a quienes entre todos convertimos en “invisibles” (CLIJ, 2003: 65).

Para non ferir a sensibilidade de Raquel, o home de chaqueta rechamante farase pasar por un visitante das estrelas de nome Skywalker que está na Terra para estudar os humanos, aínda que esta historia alternativa está a piques de descubrirse cando á nena lle parece que está a durmir no chan entre cartóns ao pé doutros sen teito. Unha estampa da mendicidade que lles resulta ben incómoda aos pais que, como parte dunha sociedade indolente, se eximen de responsabilidades e esgrimen outras razóns para xustificala. Mentres a nai mostra certa condescendencia e polo baixo comenta: “Por Deus, ¿é que non poden acollelos nun albergue, ou algo así?” (Fernández Paz, 2003b: 64), o pai evidencia un maior cinismo: “Moitos veñen aquí a durmir a borracheira, fíxate cánto cartón de viño hai. ¡Dá vergonza ver isto en pleno centro da cidade!” (Fernández Paz, 2003b: 64).

Ante o temor da descuberta, Skywalker comúncalle á nena que a súa misión na Terra rematou e, como última mostra da súa amizade, intercámbianse uns agasallos e un intenso abrazo. Lonxe de Raquel, a voz narrativa desenmascara a dramática realidade dese home estranxeiro que, nun novo xesto de altruísmo, se afasta de quen si o respectou para non magoala, acompañado doutros “homes invisibles coma el, a maioría de pel intensamente escura [...]. Todos viaxeiros anónimos daquel tren de carga que atravesaba as inmensas chairas e que os acabaría deixando nalgunha estación ignorada, outra cidade descoñecida” (Fernández Paz, 2003b: 88). En tan poucas liñas, tres adxectivos – “anónimos”, “ignorada” e “descoñecida” – condensan a esgazadora realidade dos sen teito, que resultan invisibles ante unha sociedade que desoe a chamada de auxilio que, desde o silencio, lanzan sumidos nunha total desesperación, pero a quen Fernández Paz lles quixo restituír a dignidade. O autor vilalbés volve afastarse conscientemente dos temas máis ao



uso na produción infantil e faino pasando unha realidade trágica e cruel polo filtro da tenrura e do lirismo e mesturándoa coa fantasía, unha fórmula que desemboca en varios niveis de lectura: desde a perspectiva adulta, o retrato dun comportamento habitual que chega a estremecer; e desde a infantil, a ventura que entraña o coñecemento dun ser invisible, só descuberto pola intelixencia dunha nena (Soto, 2013).

As nefastas consecuencias de moitos dos valores que abraza a auto-realización, así como a insistencia na conveniencia daqueloutros que implican a tolerancia e a solidariedade co próximo, xustifican que Fernández Paz se preocupase por denunciar as duras experiencias dos inmigrantes en *Lúa do Senegal* (2009), cuxa xénese está nesa imaxe retida dun emigrante de cor negra e nacionalidade descoñecida subido á estadea dunha obra, que conservou nun dos seus diarios ata transformala nunha narración. A imaxinación agora esvaécese e a realidade máis núa expónse mediante o relato introspectivo de Khoedi, que reflicte o conflito emocional daqueles que abandonan o seu lugar de nacemento e son rexeitados no país de adopción. Tanto as dedicatorias como as citas anuncian os parámetros ideolóxicos desta obra, na que a voz de Khoedi e a dun narrador externo sosteñen a experiencia migratoria desta nena senegalesa que viaxa coa nai e a irmá a España para reunirse co pai.

Por medio deste relato confesional dirixido á lúa, Fernández Paz pon ao descuberto o sentimento de perda que senten os emigrantes, amais da azarosa travesía de moitos africanos polo deserto ata que embarcan nunha patea e ven os seus soños afundirse ante a bravura do mar e o rixido control policial. Xa na “Terra das Ausencias”, exemplifica en Khoedi as privacións que afrontan e os temores que os asedian por non comprender a lingua e sentirse desprezados. Unha muller branca aparta o fillo de Khoedi cando tenta tocala e súa nai é increpada coa expresión “negra de merda” (Fernández Paz, 2009b: 43). Ante estas agresións, os emigrantes auxilian os seus compatriotas, polo que na casa da nena hai un “cuarto de acoller” para os senegaleses que chegan a Vigo e seus pais colaboran coa Asociación Senegalicia.

Esta dramática experiencia, xunto aos acenos relativos á historia e riqueza cultural do Senegal, ansía sensibilizar sobre a situación dos emigrantes e expoñer as causas que motivan a fuxida, por veces mortal, dun país espoliado polos occidentais. Incluso para potenciar a empatía con eles, alúdese á condición emigrante dos galegos e á poesía de compromiso de Rosalía de Castro, que se relaciona coa de Léopold Sédar Senghor, un dos grandes poetas negros, que foi un dos artífices do movemento da negritude e impulsou o renacemento da cultura negro-africana e a emancipación política dos seus pobos. Máis alá do pesimismo que percorre as páxinas de *Lúa do*

Senegal, no final late a ilusión, pois Khoedi non quere esquecer a súa terra de nacemento, pero tamén sabe que ha de integrarse:

Eu seguirei correndo nos meus soños polos camiños de Oussuye e polas rúas de Ziguinchor, o Senegal irá sempre comigo no corazón. Mais tamén quero facelo polas rúas de aquí, sentilas tan miñas coma as de aló, acabar incorporándoas aos meus soños. Aínda que aquí me chamen estranxeira, aínda que haxa persoas que todos os días se encarguen de lembrarmo (Fernández Paz, 2009b: 180).


A preocupación de Fernández Paz polo rexeitamento cara aos máis desfavorecidos reaparece no álbum *Valados* (2009), no que a amizade de Helena e Xoel se ve interrompida ao erguerse un muro que divide as casas das familias acomodadas daquelas situadas en barrios marxinais. Trátase dunha historia que non se localiza en ningún espazo nin tempo concreto, porque actúa como unha parábola universal que proxecta a realidade do que está a acontecer nalgúns territorios en conflito ou mesmo nas cidades que tentan protexer as urbanizacións de luxo. De aí que os paratextos finais recollan diferente material gráfico que ilustra a cruel realidade do que está a acontecer neses puntos xeográficos: os arames de Ceuta, a fronteira entre os Estados Unidos de América e México, as pateiras da África subsahariana, o muro construído por Israel en terras de Palestina, os arrabaldes dunha cidade de Filipinas...



Co propósito de concienciar sobre a fractura dos pobos, Fernández Paz deulle voz a un narrador en terceira persoa para situar nunha vila imaxinaria unha parella de amigos, que son testemuñas de como a xente deixa de falar e camiña apresurada coa mirada esquiva, mentres emerxen palabras como “diferenza”, “ilegais”, “segregación”, “zona restrinxida”, “gueto” e “racismo” e unha alta reixa, logo convertida en muro, tronza en dous o que ata daquela fora un terreo compartido. O pai de Helena xustifica esta separación con argumentos raciais, relixiosos e económicos, que os dous amigos non comprenden, polo que idean toda unha serie de estratexias para preservar a súa amizade. Esta parella de amigos sorteia a barreira dese muro erguido polo odio e o medo co lanzamento de pedras, avións e barcos de papel con mensaxes escritas en códigos secretos, que han de ser apoiados polos papaventos lanzados por multitude de nenas e nenos. Esta valente iniciativa é o reclamo para que moitos nenos e nenas fagan voar papaventos que cruzan con liberdade dun lado a outro do muro. Unha preciosa imaxe esperanzadora que simboliza o derrube das barreiras físicas e mentais erguidas polos prexuízos na procura dun reencontro fraternal entre todas as persoas sen distincións por motivos políticos, sociais ou culturais.

Moitos dos aspectos suxeridos nesta historia son amplificados con acerto polas logradas ilustracións de Xan López Domínguez. Texto e ilustración convidan á reflexión e buscan concienciar sobre o absurdo da exclusión de calquera índole, a partir da promoción dos valores da xustiza social, da igualdade, da paz e da amizade verdadeira, mentres son reprobados aqueles vinculados co grupo da auto-realización como son o poder social e a autoridade, que pretenden dominar as persoas e os recursos materiais. A vitoria do universalismo e da benevolencia aséntase, de novo, na intervención duns personaxes que cren neses valores, pero que tamén rexeitan aqueles máis conservadores e se deixan orientar polos valores da estimulación e da auto-dirección. Só o atrevemento e a creatividade de Helena e Xoel lles permitirá defender os valores que favorecen o benestar entre as persoas.

### Conclusiones



A modo de síntese cómpre apuntar que Agustín Fernández Paz apostou nas súas obras infantís pola incorporación de elementos fantásticos anoados á realidade (emocional, psicolóxica ou social), co propósito de tornar visible o oculto e propiciar unha transformación no lector. Nas súas historias de ficción reflectiu, e mesmo anunciou, moitas das problemáticas da sociedade actual e a perda deses valores imprescindibles que fan habitable o mundo e preservan a harmonía entre os humanos e destes coa natureza. O seu discurso afástase do didactismo e os valores que el defende, especialmente o universalismo e a benevolencia, rexístranse en parte na microestrutura mediante o relato das voces narrativas. Non obstante a maior forza ideolóxica é irradiada desde os personaxes, expoñentes principais dos valores da estimulación e da auto-dirección, por medio das súas alocucións rexistradas na microestrutura e dos feitos e as accións observables desde a macroestrutura. A defensa destes valores sitúa entre os non aceptados moitos que se inclúen na categoría da conservación e da auto-realización, parte deles obxecto de crítica polo seu marcado individualismo e seren perniciosos para acadar un grao óptimo na convivencia e favorecer a sociabilidade.

O éxito da transmisión deste valores radica sobre todo na capacidade de sedución das historias e de identificación do lector co personaxe, pretensións acadadas por un Fernández Paz que traballou a trama e o discurso das súas narracións con sumo esmero, porque para el era fundamental facer lectores, pero tamén cidadáns comprometidos co seu tempo. As súas narracións infantís non perden a conexión coa realidade máis próxima e suscitan a reflexión e a



discusión, coa finalidade de espertar consciencias e promover o pensamento crítico. De aí que formen parte dese repertorio de obras para os máis novos que serven tanto para a educación literaria coma para a educación social, porque, seguindo as palabras que inician o artigo “Literatura con valores”, de Ana Garralón (1990: 26), intégranse nesa

literatura infantil y juvenil que intenta educar en el ejercicio tolerante de la libertad; que desecha los viejos roles machistas; que postula un ideal de paz como única arma posible para ganar el futuro; que intenta establecer una relación no depredadora con el medio ambiente; que rechaza la marginación social, el racismo, el abuso indiscriminado de las minorías. Existe, en definitiva, una literatura infantil y juvenil que huye de visiones idílicas y proporciona a niños y jóvenes una lectura más certera. Son libros para interpretar la realidad.

### Referencias bibliográficas



- AGRELO COSTAS, E. (2015). *Da institución escolar ao centro do canon: Agustín Fernández Paz*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento. Consultado o 12 de abril de 2017, <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/13822>
- ÁLVAREZ NÚÑEZ, S. (1990). “De flores radiactivas a flores pacifistas”. *La Voz de Galicia*, 12 decembro.
- BERMÚDEZ, S. (2009). “Las emociones como centro del impacto narrativo en la interacción con mundos ficcionales. Su necesidad para la teoría literaria”. *Espéculo. Revista de estudios literarios*. Consultado o 12 de abril de 2017, <http://www.ucm.es/info/especulo/numero41/emocion.html>
- BORTOLUSSI, M. (1985). *Análisis teórico del cuento infantil*. Madrid: Alhambra.
- CANDELA, M. (2005). “Un prestige amb final feliç”. *L'illa*, 41, 30.
- CLIJ (2003). “O meu nome é Skywalker”. *CLIJ*, 163, 65.
- COLOMER, T. (1998). *La formación del lector literario: narrativa infantil y juvenil actual*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- ETXANIZ, X. (2011). “La transmisión de valores en la literatura, desde la tradición oral hasta la LIJ actual”. *Ocnos*, 7, 73-83. Consultado o 6 de abril de 2017, [https://www.revista.uclm.es/index.php/ocnos/article/view/ocnos\\_2011.07.06](https://www.revista.uclm.es/index.php/ocnos/article/view/ocnos_2011.07.06)
- FERNÁNDEZ PAZ, A. (1989). *A cidade dos desexos*. Ilust. Manolo Uhía. Vigo: Edicións Xerais

de Galicia.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (1990). *As flores radiactivas*. Ilust. Miguelanxo Prado. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (1997). “Os valores na literatura infantil e xuvenil”. *Revista Galega do Ensino*, 15, 427-436.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (1998). *O laboratorio do Doutor Nogueira*. Ilust. Francisco Bueno. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (1999). *As fadas verdes*. Ilust. Asun Balzola e Patricia Garrido. Vigo: Ediciones SM.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (2001a). *Ana e o tren máxico*. Ilust. Enjamio. Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia/Renfe, col. O tren Caixanova.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (2001b). *Un tren cargado de misterios*. Ilust. Enjamio. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (2003a). *A praia da esperanza*. Ilust. Teresa Novoa. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (2003b). *O meu nome é Skywalker*. Ilust. Juan Ramón Alonso. Madrid: Ediciones SM.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (2006). *Os gardiáns do bosque*. Ilust. Cristina Durán e Giner Bou. A Coruña: Baía Edicións.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (2009a). *A dama da Luz*. Ilust. Jorge Magutis. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (2009b). *Lúa do Senegal*. Ilust. Marina Seoane. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

FERNÁNDEZ PAZ, A. (2009c). *Valados*. Ilust. Xan López Domínguez. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

FRASER, N. (2008). “La justicia social en la era de la política de identidad: redistribución, reconocimiento y participación”. *Revista de Trabajo*, 6, 83-99. Consultado o 14 de abril de 2017,

[http://www.academia.edu/29529757/La\\_justicia\\_social\\_en\\_la\\_era\\_de\\_la\\_pol%C3%ADtica\\_de\\_identidad\\_redistribuci%C3%B3n\\_reconocimiento\\_y\\_participaci](http://www.academia.edu/29529757/La_justicia_social_en_la_era_de_la_pol%C3%ADtica_de_identidad_redistribuci%C3%B3n_reconocimiento_y_participaci)



[%C3%B3n](#)

- GARRALÓN, A. (1990). "Literatura con valores". *CLIJ*, 13, 26-31. Consultado o 14 de abril de 2017, <http://prensahistorica.mcu.es/consulta/registro.cmd?id=1010617>
- GRASA, R. (1988). "Paisaje para una polémica". *Cuadernos de Pedagogía*, 165, 8-12.
- MARTÍNEZ BOUZAS, F. (2000). "Nogueira, un fascista simpático". *O Correo Galego. Revista das Letras, Artes e Ciencias*, 44, 9.
- MULA, A. (2007). "Algunas reflexiones, creencias y utopías en torno a identidad, lecturas, patrimonio e interculturalidad". En Cerrillo, P., C. Cañamares e C. Sánchez (Eds.). *Literatura infantil: nuevas lecturas, nuevos lectores* (pp. 149-160). Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- MURILLO TORRECILLA, F. J. e R. HERNÁNDEZ CASTILLA (2011). "Hacia un concepto de justicia social". *Revista Iberoamericana sobre Calidad, Eficacia y Cambio en Educación*, 9, 4, 8-23. Consultado o 12 de abril de 2017, <http://www.rinace.net/reice/numeros/arts/vol9num2/art1.pdf>
- PAZ, M. (1990). "Non me gusta a moralina". *El Progreso*, 4 abril, III.
- PRIMERAS NOTICIAS (2005). "Es imposible ser escritor si antes no has experimentado con pasión el placer de la lectura". *Primeras Noticias*, 210, 79-84.
- RAMÍREZ, J. (2000). "Lectura y valores". *Puertas a la lectura*, 3, 146-152.
- ROIG RECHOU, B. A. e C. FERREIRA BOO (2010). "O conto de transmisión oral na LIX galega". En Roig Rechou, B.-A., I. Soto López e M. Neira Rodríguez (Coords.). *Reescrituras do conto popular 2000-2009* (pp. 83-105). Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia. Consultado o 16 de abril de 2017, [http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/proxectos/lijmi/descargas/BVC\\_reescrituras-do-conto-popular-2000-2009.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/proxectos/lijmi/descargas/BVC_reescrituras-do-conto-popular-2000-2009.pdf)
- ROIG RECHOU, B. A. e SOTO, I. (2008). "En Santiago de Compostela con Agustín Fernández Paz". *Boletín Galego de Literatura*, 38 (2º semestre 2007), 161-178. Consultado o 14 de abril de 2017, [https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/7584/pg\\_154-171\\_bgl38.pdf?sequence=1&isAllowed=y](https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/7584/pg_154-171_bgl38.pdf?sequence=1&isAllowed=y)
- SCHWARTZ, S. H. (1992). "Universal in the content and structure of values: Theoretical



## Valores na obra infantil de Agustín Fernández Paz

advances and empirical test in 20 countries”. En Zanna, M. P. (Comp.). *Advances in Experimental Social Psychology* (pp. 1-65). Nueva York: Academic Press.

SCHWARTZ, S. H. (2001). “¿Existen aspectos universales en la estructura y contenido de los valores humanos?”. En Ros, M. e V. L. Gouveia (Coords.). *Psicología social de los valores humanos* (pp. 53-77). Madrid: Biblioteca nueva.

SENÍS FERNÁNDEZ, J. (2006). “Valores y lectura(s)”. *Ocnos*, 2, 79-90.

SOTO, I. (2003). “De seres invisíbeis e olladas tristes”. *LG3. Literatura*. Consultado o 17 de abril de 2017, [http://culturagalega.org/lg3/extra\\_recension\\_xenero.php?Cod\\_extrs=156&Cod\\_prdccn=118](http://culturagalega.org/lg3/extra_recension_xenero.php?Cod_extrs=156&Cod_prdccn=118)

SOUSA, S. (2008). “Valores y formación en la literatura infantil y juvenil actual”. *Espéculo. Revista de estudios literarios*. Consultado o 20 de abril de 2017, <http://www.ucm.es/info/especulo/numero39liteinfa.html>

TARRÍO VARELA, A. (1994). *Literatura galega: Aportacións a unha Historia crítica*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

YUBERO, S., E. LARRAÑAGA e P. CERRILLO (2004). *Valores y lectura. Estudios multidisciplinares*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.